

SOLICITUDE DE COLEXIACIÓN NO CPETIG

Datos persoais *

* Son datos obrigatorios

Solicito	<input checked="" type="checkbox"/> Solicito a incorporación ao Colexio Profesional de Enxeñaría Técnica en Informática de Galicia		
Primeiro apelido		Segundo apelido	
Nome		DNI	
Data nacemento		Concello	
Enderezo			
Código Postal		Provincia	
Teléfono de contacto		Teléfono domicilio	
Correo electrónico			
Documentación	Achego fotocopia do DNI ou pasaporte		

Titulación *

Título	
Centro	
Ano	
Documentación	Achego fotocopia compulsada do título

Datos bancarios *

Entidade bancaria			
IBAN			
Enderezo		Concello	
Código Postal		Provincia	

Datos profesionais

Empresa			
Actividade		Posto laboral	
Enderezo		Concello	
Código Postal		Provincia	

Asinado en _____, de _____ de _____

De conformidade co disposto no Regulamento (UE) 2016/679 do 27 de abril (GDPR) e a Lei Orgánica 3/2018 do 5 de decembro (LOPDGDD), informámolo de que os datos persoais e enderezo de correo electrónico do interesado, serán tratados baixo a responsabilidade de COLEXIO PROFESIONAL EN ENXEÑARÍA TÉCNICA EN INFORMÁTICA DE GALICIA (CPETIG) por un interese lexítimo e coa finalidade de manter as oportunas relacións colexiais e informativas sobre a profesión. Conservaranse mentres ningunha das partes se opoña. Os datos non serán comunicados a terceiros, agás obriga legal. Informámoslle de que pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, portabilidade e supresión dos seus datos e os de limitación e oposición ao seu tratamento dirixíndose a Edificio ETS de Enxeñaría. C/Lope Gómez de Marzoa, s/n - 15798 Santiago de Compostela (A Coruña). Correo electrónico: dpo@cpetig.gal. Se considera que o tratamento non se axusta á normativa vixente, poderá presentar unha reclamación perante a autoridade de control en www.aepd.es. Datos de contacto do delegado de protección de datos: dpo@cpetig.gal

Condicións Xerais de Uso da Tarxeta Criptográfica Colexio Profesional de Enxeñaría Técnica en Informática de Galicia - CPETIG

Mediante a firma do presente documento o abaixo asinante manifesta a expresa aceptación destas Condicións Xerais para a utilización da tarxeta criptográfica entregada polo Colexio Profesional de Enxeñaría Técnica en Informática de Galicia (en diante, CPETIG).

PRIMEIRA. O usuario declara coñecer que a tarxeta criptográfica recibida contén módulos hardware para a execución de algoritmos e que pode almacenar de forma segura un certificado dixital e a súa clave privada coa finalidade de sinatura dixital, identificación dixital, medio de pagamento, almacenamento seguro, etc., certificado que NON se contén na tarxeta criptográfica entregada ao usuario, sendo elección deste a súa efectiva incorporación, así como a entidade emisora deste.

SEGUNDA. Esta tarxeta criptográfica é persoal e non transferible. A tarxeta non poderá ser utilizada por outra persoa que non sexa o titular, quen deberá proceder á súa inmediata sinatura.

Os certificados que no seu caso se incorporen teñen un período de vixencia. Poden ser ademais cancelados ou revogados, sempre que o titular o desexe ou dubide de posuír en exclusiva a clave privada.

TERCEIRA. O usuario obrígase a tomar as debidas precaucións para garantir a seguridade da tarxeta e do procedemento que permite a súa utilización, a custodiar a súa clave, a notificar sen demora a súa perda, roubo ou falsificación da tarxeta ou dos medios que fan posible o seu uso.

Para o caso de que o titular decida proceder á instalación do certificado da súa elección, se por accidente ou roubo cre que a parte privada do certificado non está baixo o seu exclusivo control, pode anular a validez deste, é dicir, pódeo revogar, mediante comunicación coa entidade de certificación emisora a través dos medios que esta dispuxese para o efecto.

En todo caso, o uso indebido da tarxeta será motivo de cancelación inmediata e automática desta.

CUARTA. En caso de que o usuario estea interesado en incorporar un certificado á presente tarxeta, o proceso de solicitude do certificado require que a solicitude e a descarga han de facerse coa tarxeta no lector. Para a solicitude haberá de seleccionarse coa tarxeta dentro do

lector. Desta forma, as claves xéranse na tarxeta en vez de no navegador. A descarga ha de seleccionarse igualmente coa tarxeta dentro do lector para que se descargue o certificado nesta.

As claves criptográficas - conxunto de datos ou información manexada e xestionada polo usuario para realizar operacións criptográficas - que posibilitan estas operacións xéranse no momento da solicitude do certificado e quedan unidas inequivocamente ao titular destas. Todo o anterior, vese reforzado en España coa Lei 59/2003 de firma electrónica que permite ofrecer garantía e seguridade xurídica ás transaccións realizadas cos certificados electrónicos.

QUINTA. Esta tarxeta constitúe tamén o soporte físico do carné electrónico de colexiado desenvolvido polo CPETIG para facilitar a práctica do exercicio profesional dos seus membros, permitíndolles realizar toda unha serie de transaccións online con plena validez xurídica e garantías de seguridade e confidencialidade, sempre que o titular instalase no seu caso o correspondente certificado.

A utilización da tarxeta criptográfica como carné colexial electrónico require:

Cumprir coas condicións especificadas no Contrato de Prestación de Servizos de Firma Electrónica e a Política de Certificación relativa aos usos e responsabilidades no uso do certificado correspondente á entidade emisora elixida no seu caso.

Proceder á devolución do carné colexial electrónico ao CPETIG no momento en que por calquera motivo o titular perdesse a condición de colexiado, dado que a súa validez se encontra directamente vinculada á devandita condición.

Comunicar a perda ou subtracción do carné coa máxima urxencia ao Colexio. Se leva incorporado o certificado dixital deberá comunicalo directamente á entidade emisora deste.

SEXTA. O CPETIG queda exento de calquera responsabilidade polo uso indebido, fraudulento ou negligente da tarxeta e de calquera dano ou prexuízo que puidese ocasionarse polo mal uso desta dende o momento da súa entrega e sinatura polo usuario, sendo este responsable do seu uso e custodia

Para que así conste, en _____ a _____ de _____ de _____ .

Asdo:

D./ Dna.